

57

- ● ● ● ● EXPRESIÓN VERBAL
- ● ● ● ● EXPRESIÓN CORPORAL
- ● ● ● ● CREATIVIDADE
- ● ● ● ● VOCABULARIO
- ● ● ● ● ESCOITA ACTIVA
- ● ● ● ● TRABALLO EN GRUPO
- ● ● ● ● DIFICULTADE

12 ou máis participantes
25 minutos

Desafío

Grupo. Coordinación. Comunicación

PASAR O RÍO

MATERIAIS

Unha ducia de follas de xornal, papel para reutilizar ou cartóns.

ESPAZO

Espazo amplo onde se poida delimitar un terreo de xogo.

DESCRICIÓN

O grupo sitúase nun lugar e é convidado a chegar ao outro extremo dun espazo. Un río máxico cunha corrente terrible debe ser atravesado por todos os integrantes do grupo. Para facelo só dispoñen dunha serie de pedras de quita e pon que deben ir administrando, de xeito que nunca ninguén poña un pé na auga, pois isto obrigaría á totalidade do grupo a reiniciar a aventura.

As pedras teñen unha particularidade: no momento en que estando na auga deixan de ter un pé pisándoas, desaparecen supetamente. É, polo tanto, importante que os participantes se organicen ben para que isto non aconteza; ou que saiban atopar solucións cando isto suceda.

